

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

14215 *Corrección de erros do Real decreto lei 14/2018, do 28 de setembro, polo que se modifica o texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro.*

Advertidos erros no Real decreto lei 14/2018, do 28 de setembro, polo que se modifica o texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 236, do 29 de setembro de 2018, efectúanse as oportunas rectificacións:

Na páxina 11, letra l), cuarta liña, onde di: «... do artigo 2.4, número 4, da Directiva 2009/73/CE...», debe dicir: «... do artigo 2, número 4, da Directiva 2009/73/CE...».

Na páxina 14, punto once, redacción dada ao artigo 143.4, terceira liña, onde di: «... artigo 140.d) e g)...», debe dicir: «... artigo 140.1.d) e g)».

Na páxina 15, punto once, redacción dada ao artigo 143.5, terceira liña, onde di: «... artigo 140. g)...», debe dicir: «... artigo 140.1. g)...».

Na páxina 40, redacción dada ao artigo 197 sexies, letra c), onde di: «c) Contar cun órgano de administración cuxos membros cumpran co disposto no artigo 198 undecies.», debe dicir: «c) Contar cun órgano de administración cuxos membros cumpran co disposto no artigo 197 undecies.».

Na páxina 41, redacción dada ao artigo 197 septies, letra g), onde di: «g) Se incorre nunha infracción moi grave, de acordo co previsto no título VII.», debe dicir: «g) Se incorre nunha infracción moi grave, de acordo co previsto no título VIII.».

Na páxina 68, punto setenta e nove, primeira e segunda liñas, onde di: «... no artigo 238...», debe dicir: «... no artigo 283...».

Na páxina 68, punto setenta e nove, redacción dada ao artigo 283, no novo número 13, onde di: «... provedores de servizos de subministración de datos previstas nos artigos 198 octies a 198 decies.», debe dicir: «... provedores de servizos de subministración de datos previstas nos artigos 197 octies a 197 decies.».

Na páxina 69, punto oitenta e catro, novo número 15 que se engade ao artigo 296, terceira liña, onde di: «... nos artigos 198 octies a 198 decies.», debe dicir: «... nos artigos 197 octies a 197 decies.».